

O DIÁLOGO NA NARRACIÓN

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

1. DIÁLOGO EN ESTILO DIRECTO

REPRESENTACIÓN LITERAL DA CONVERSA ENTRE PERSONAXES.



CARACTERÍSTICAS DO ESTILO DIRECTO

- A voz narradora indica quen fala.
- A voz narradora indica con dous puntos (:) que vai introducir as palabras dun personaxe.
- Para representar a voz dos personaxes hai dúas posibilidades:

Con comiñas ("...")

Só é útil cando hai pouco diálogo.

Segue a narración (sen punto e á parte).



Arreboleina contra o medio dos ollos como se non houbera mañá mentres ela exclamaba: "Bingo!" e a compañeira pedía: "Agora, tócame. Tócame!". Non tiven nin que pensar.

(de Eli Ríos, *Remexido de patacas.*)

Con trazos (-)

A intervención de cada personaxe inicia liña e vai precedida dun trazo.

A voz narradora pode facer comentarios ás intervencións, na mesma liña, precedidos de trazo. Se é un diálogo longo, ou interveñen máis de dous personaxes convén que a voz narradora indique quen está falando, para non perder o fío da conversa.



O xefe dos Hummi miroume con curiosidade.

-Como sabes iso?-preguntou.

-Contoumo a miña avoa. Ela é unha muller moi sabia.

-E que debemos facer nós para defendernos de Ok-ti?

-Creo que o mellor é que escapedes -recomendeille-. Recollede as vosas cousas e buscade un lugar máis oculto, no corazón do mundo.

(de Andrea Maceiras, *A folla azul*)

O DIÁLOGO NA NARRACIÓN 2

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

2. DIÁLOGO EN ESTILO INDIRECTO

O DIÁLOGO DOS PERSONAXES APARECE NARRADO EN 3ª PERSOA.

2. DIÁLOGO EN ESTILO INDIRECTO LIBRE

A VOZ NARRADORA REPRODUCE A VOZ DOS PERSONAXES SEN MARCAS INTRODUTORIAS.

CARACTERÍSTICAS DO ESTILO INDIRECTO

- A voz narradora traspón, resume e interpreta as palabras dos personaxes.
- A voz narradora usa verbos de lingua (dicir, preguntar, informar, contestar...) en pasado, seguidos das conxuncións QUE e SE para introducir as palabras dos personaxes.
- Ao narrar o diálogo, algunhas referencias temporais e de lugar (agora, aquí, etc.) e algúns pronomes persoais cambian (a referencias máis indeterminadas).

*Florinda **dixera que** ela non temía ás pantasmas, mesmo desafiara a súa familia **preguntándolles se** tiñan medo delas, quizais dando por sentado que crían nos aparecidos.*

(de An Alfaya, *A sombra descalza*.)

CARACTERÍSTICAS DO ESTILO INDIRECTO LIBRE

- A voz narradora reproduce en 3ª persoa as palabras ou pensamentos dos personaxes.
- Non hai marcas: nin verbos de lingua nin guións ou comiñas.

*Foise arrimando á beira da estrada que conducía á xeral onde paraba o bus, e de lonxe viu un vulto no foxo, **que sería iso que onte non estaba aí?** Foise achegando paseniñamente, e de súpeto decatouse, era un home tirado.*

(de Xelís de Toro, *Non hai misericordia*.)

O DIÁLOGO NA NARRACIÓN 3

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

3. MONÓLOGO INTERIOR

**REPRODUCE EN 1ª PERSOA
O PENSAMENTO DO
PERSONAXE. FALA
CONSIGO MESMO.**



CARACTERÍSTICAS DO MONÓLOGO INTERIOR

- O autor ou a autora reproduce en 1ª persoa o pensamento do personaxe.
- Transmite a sensación de que o personaxe fala consigo mesmo.
- Pode ser caótico e pasar dunha idea a outra sen orde (como funciona o noso pensamento). Neste caso falamos de "fluír da conciencia".

Mi ma, como lle dá esta tía, que mellor era que fose coma as outras, medoñenta e faladora, e non tan arroutada, carafio, que imos rematar baixo dun camiión e ese non era o meu propósito. Amais que tampouco hai tanta présa en afastarse destas terras, que unha cousa é que a min me vaia mal nelas e outra moi diferente que non merezan un chisco de atención.

(de María Victoria Moreno, *Anagnórise*.)

